

Orde do 12 de novembro de 2009 pola que se convocan as axudas para o ano 2009 da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3) na Comunidade Autónoma de Galicia con destino ao sistema público de investigación e desenvolvemento.

Segundo a Orde do 26 de xaneiro de 2006 (DOG do 3 de febreiro) pola que se establecen as bases reguladoras da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora na Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Economía e Industria establecerá anualmente, mediante convocatoria pública, o número e contía das axudas que se vaian conceder, así como os requisitos específicos dos candidatos atendendo a criterios de experiencia cunha traxectoria investigadora destacada.

Este programa ten a finalidade, por unha banda, de fomentar a incorporación estable dos investigadores cunha traxectoria investigadora destacada, nas universidades, no Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e outros organismos públicos de investigación e demais centros de I+D, e pola outra, de favorecer a captación ou recuperación de investigadores españois ou estranxeiros de recoñecida experiencia, para a súa incorporación ao sistema español de ciencia e tecnoloxía, e incentivar a incorporación ao sistema nacional de I+D de mozos investigadores con alto potencial investigador en grupos emerxentes e consolidados.

En virtude da Orde ECI/1520/2005, do 26 de maio, do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se establece o Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3), desenvolvido polo Protocolo xeral de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e a de Economía e Industria do 30 de decembro de 2008 e o Convenio específico do 16 de abril de 2009 entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e a Consellería de Economía e Industria, e as atribucións que ten conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, na Lei estatal 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, e na Lei galega 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta orde é a convocatoria de axudas do primeiro nivel en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, para 19 postos de traballo que desenvolvan a súa actividade nas universidades do SUG e nos organismos públicos de

investigación e os centros de I+D dependentes dalgunha Administración pública con sede en Galicia a que alude o artigo 2 da orde da Consellería de Innovación e Industria do 26 de xaneiro de 2006 (DOG do 3 de febreiro) pola que se establecen as bases reguladoras da liña de incorporación estable do Programa I3 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Solicitantes.

Poderán optar a estas axudas aquelas universidades e centros descritos no artigo anterior que, segundo se establece na Orde ECI/1520/2005, do 26 de maio, do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se establece o Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3), ofrezan postos de traballo de carácter permanente, que se cubrisen mediante contrato indefinido ou nomeamento entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2008 por investigadores/as ou persoal docente e investigador cunhas retribucións non inferiores ás dun/dunha profesor/a titular de universidade ou categoría equivalente nos organismos públicos de investigación, e que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do grao de doutor cunha antigüidade mínima de 6 anos, entendéndose que a data de obtención do grao de doutor é a da lectura e aprobación da tese de doutoramento. No caso daqueles/as investigadores/as que estean en posesión de máis dun doutoramento, este requisito referirase ao primeiro dos doutoramentos obtidos.

b) Ter unha experiencia posdoutoral non inferior a 24 meses nas universidades ou centros de I+D, españois ou estranxeiros, distintos a aquel en que estean prestando os seus servizos ou ter cursado de maneira íntegra e obtido o título de doutor nalgunha universidade estranxeira. Para o caso dos investigadores do Programa Ramón y Cajal das convocatorias dos anos 2001, 2002 e 2003 e do programa Isidro Parga Pondal das convocatorias dos anos 2003, 2004 e 2005, deberán ter realizado estadias de investigación en universidades ou centros de I+D distintos a aquel no que estean prestando os seus servizos, polo menos durante 18 meses, despois de completar os cursos de licenciatura ou ter cursado e obtido o título de doutor nunha universidade estranxeira.

c) Ter presentado en prazo e forma a/as solicitude/s coa relación de postos de traballo elixibles segundo o establecido na Resolución do 4 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Investigación pola que se establece o prazo de presentación de solicitudes coa relación de postos de traballo elixibles, dentro do Programa I3.

d) Contar coa avaliación positiva dos requisitos de calidade da produción e actividade científica tecnolóxica que impliquen unha traxectoria investigadora destacada, por parte da Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva (ANAP) segundo os criterios establecidos pola Resolución do 20 de xullo de 2005 (BOE nº 204, do 26 de agosto) da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación do Ministerio de Educación e Ciencia.

Artigo 3º.-Compatibilidade con outras axudas.

As axudas concedidas serán compatibles con outras axudas ou subvencións destinadas ao fomento e á calidade da investigación, de acordo co establecido na normativa aplicable. Esta compatibilidade estará condicionada a que o importe das axudas concedidas, illadamente ou en concordancia con outras, non supere o custo da actividade subvencionada.

Cando a entidade beneficiaria reciba outros fondos cos mesmos obxectivos que os establecidos neste programa, deberá de poñelo en coñecemento da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Artigo 4º.-Duración e contía da axuda.

1. Duración: a duración da axuda será de tres anos.

2. Contía: a contía total da axuda corresponde ao financiamento de 19 postos de traballo do primeiro nivel por un importe equivalente ás retribucións dun profesor/a titular de universidade, sendo a dotación anual para cada posto de traballo de 43.333,33 euros. Estas axudas financiaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Aplicación orzamentaria: 44.02 561B.444.0.

Nº de prazas: 19.

Ano 2009: 823.333,27 €.

Ano 2010: 823.333,27 €.

Ano 2011: 823.333,27 €.

Total: 2.469.999,81 €.

Artigo 5º.-Formalización de solicitudes.

1. As solicitudes serán presentadas polos representantes legais das universidades e centros públicos de I+D reflectidos no artigo 1º desta orde.

2. Ás solicitudes poderanse xuntar informes valorativos académicos de recoñecido prestixio internacional, relativos á actividade do investigador. Os ditos informes, cun máximo de tres, deberán ser confidenciais e terán que estar datados e asinados, admitíndose unicamente aqueles que se acheguen coa solicitude, en sobre pechado.

3. O modelo normalizado RHS.I3-09/00 que se publica como anexo I a esta orde, atópase á disposición dos interesados nas dependencias da Consellería de Economía e Industria e na internet no enderezo electrónico: <http://economiaeindustria.xunta.es>. As solicitudes presentaranse, dirixidas ao conselleiro de Economía e Industria, nas dependencias da Dirección Xeral de I+D+i da Consellería de Economía e Industria, ou ben por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O modelo normalizado RHS.I3-09/00 deberá presentarse xunto coa seguinte documentación:

a) Nome e código das prazas.

b) Xustificación de que estas están incluídas na relación de postos ou cadro de persoal do centro.

c) Certificado en que se faga constar a data de toma de posesión na praza, ao longo do ano 2008, do investigador proposto e a súa retribución.

d) Copia compulsada do contrato, en que debe figurar constancia expresa de que é indefinido.

e) Escrito de autorización dos investigadores que ocupen os postos para os que solicita a axuda.

f) *Curriculum vitae* xustificado do/a investigador/a que ocupe o posto elixible.

g) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas estatais, coa Comunidade Autónoma e a Seguridade Social, salvo que o centro estea eximido desta obriga en aplicación do establecido no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

i) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas polas distintas administracións públicas competentes ou polos seus organismos ou sociedades.

Artigo 6º.-Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 7º.-Información aos interesados.

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN808R, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, presencialmente ou a través dos seguintes medios:

a) Na epígrafe de axudas e na oficina virtual da páxina web oficial da consellería: <http://economiaeindustria.xunta.es>.

b) Nos seguintes teléfonos da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación: 981 54 10 73, 981 54 10 76 e 981 54 39 91.

c) No enderezo electrónico: info.rhs@xunta.es.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012 (desde Galicia) e 902 12 00 12 (desde o resto de Estado).

Artigo 8º.-Consentimentos e autorizacións.

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. Segundo o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión das axudas e subvencións pola persoa interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

5. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal, que serán obxecto de tratamento, e para estes efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como administrativas.

A finalidade da recollida dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que se deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Economía e Industria revelará as autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercitarse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente.

Artigo 9º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das axudas establecidas nesta convocatoria, correspondendo ao conselleiro de Economía e Industria ditala resolución de concesión.

Artigo 10º.-*Instrución do procedemento e tramitación.*

1. A tramitación das solicitudes, a resolución e demais trámites relacionados coa convocatoria,

seguirán o establecido na Orde do 26 de xaneiro de 2006 (DOG do 3 de febreiro) da Consellería de Innovación e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os servizos da dita dirección xeral comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e como consecuencia elaborárase a lista de solicitudes admitidas e excluídas en que figurarán, de ser o caso, as causas de exclusión. A lista exporase nos taboleiros da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, e no enderezo web: <http://economiaeindustria.xunta.es>:

a) Os interesados e interesadas poderán formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos, perante a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, achegando, de ser o caso, a documentación necesaria no prazo de 10 días.

b) Transcorrido este prazo sen que se corrixa as causas de exclusión, procederase consonte o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse ao solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións que resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión de selección, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

5. O non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa da desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Selección de beneficiarios.*

A selección de beneficiarios levarase a cabo pola comisión de selección prevista no artigo 9 da Orde do 26 de xaneiro de 2006 (DOG do 3 de febreiro), pola que se establecen as bases da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora na Comunidade Autónoma de Galicia.

A citada comisión, para a realización da súa proposta nesta convocatoria, fundamentarase no maior esforzo realizado polos centros na creación de postos de carácter permanente, de forma que as prazas se

repartirán proporcionalmente entre os centros solicitantes tendo en conta o número de postos de traballo de carácter permanente solicitados na correspondente convocatoria, que fosen creados no ano precedente por cada un dos citados centros participantes e que posúan certificación do cumprimento dos requisitos emitida pola ANEP.

No caso de empate no número de postos a que se refire o parágrafo anterior, a comisión deberá recoller de maneira preferente aqueles ámbitos que establece o Plan Galego de Investigación-Incibe (2006-2010) da Xunta de Galicia, que aposta por todas as áreas científicas e tecnolóxicas, en especial, pola investigación básica ou fundamental, baixo criterios de calidade e excelencia e que, pola súa vez, prioriza as liñas de interese estratéxico para os sectores produtivos ou de gran transversalidade.

Artigo 12º.-*Resolución e notificación.*

1. A resolución seguirá o establecido na Orde do 26 de xaneiro de 2006 (DOG do 3 de febreiro) da Consellería de Innovación e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A comisión de selección formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro de Economía e Industria, quen ten a competencia para resolver estas axudas, sen prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da consellería.

3. Á vista da proposta formulada pola comisión de selección a través do director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e segundo o que dispón o artigo 21.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se non son tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados nas súas solicitudes, poderase prescindir do trámite de audiencia, e o conselleiro de Economía e Industria ditará a correspondente resolución definitiva de concesión, que será motivada, de acordo aos criterios de valoración establecidos en cada anexo.

4. A resolución expresará, cando menos:

- a) As entidades beneficiarias da axuda e os candidatos seleccionados.
- b) O importe global da axuda para cada entidade.
- c) A desestimación expresa do resto das solicitudes, se as houber.

5. En ningún caso o importe da axuda ou subvención poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución das solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de 6 meses, contado desde a apertura do prazo anual de presentación de solicitudes, mediante a publicación da correspondente resolución no DOG. De non mediar resolución expresa no dito

prazo, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

1. Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

2. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao de publicación da resolución no DOG. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a que se produza o acto presunto.

Artigo 14º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda ou subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, de concorreren as circunstancias previstas para tales efectos nestas bases reguladoras, de conformidade co previsto no artigo 14.1º m) da Lei de subvencións de Galicia.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria, logo da instrución do correspondente expediente que deberá recoller os requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o novo Regulamento autonómico que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia, para que poida operar a modificación.

Artigo 15º.-*Pagamento.*

Realizaranse pagamentos parciais polos importes correspondentes a cada anualidade. Os ditos pagamentos parciais non poderán exceder do 80% da subvención concedida, conforme o establecido no artigo 62, punto dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para proceder aos pagamentos, as entidades beneficiarias presentarán antes do 20 de decembro de cada ano a seguinte documentación xustificativa:

1. Certificado dos xerentes ou figuras equivalentes, responsables de persoal, co visto e prace do representante legal da entidade onde conste que a/s

praza/s figura/n no/s correspondente/s cadro/s de persoal ou relación de postos de traballo do centro, e que esta/s foran cubertas mediante contrato indefinido ou nomeamento entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro do ano 2008 polas persoas que reúnan os requisitos reflectidos no artigo 2º desta orde.

2. Ademais, en cumprimento do artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, nos termos recollidos no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Obrigas dos beneficiarios, gradación dos incumprimentos, reintegros e sancións.

Sen prexuízo das demais obrigas que resulten da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro do disposto nesta orde, quedan obrigados a:

a) Cumprir cos obxectivos das axudas que se concedan, así como cos compromisos asumidos. De non ser así, perderán o dereito ao seu cobramento, e/ou, se é o caso, procederán ao reintegro da axuda.

Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e aos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos recollidos no artigo 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei e no título V do Decreto 11/2009.

b) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control ou da obriga de xustificación, será causa de perda do dereito ao cobramento ou reintegro total da axuda. O incumprimento parcial, determinado polos ditos mecanismos, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da axuda ou ao reintegro parcial na porcentaxe correspondente á acción non efectuada ou xustificada.

Sen prexuízo do anterior, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007 e no título VI do Decreto 11/2009.

c) Facilitar toda información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Con-

tas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

d) Comunicar á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación calquera axuda, o seu importe e duración, concedida para a execución dun mesmo investimento, no momento en que sexan beneficiarios.

e) Incluír no momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do último pagamento, unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Artigo 17º.-Comprobación das axudas concedidas.

O órgano concedente poderá comprobar a axeitada xustificación da axuda, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determinen a concesión e aproveitamento da axuda.

Artigo 18º.-Remisión normativa.

En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto na Orde do 26 de xaneiro de 2006, da Consellería de Innovación e Industria (DOG do 3 de febreiro), pola que se establecen as bases reguladoras da liña de incorporación estable do Programa de incentivação da incorporación e intensificación da actividade investigadora na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, estarase suxeito ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, e demais normativa que resulte de aplicación.

Disposición adicional

As bases que rexen a concesión das axudas e todos cantos actos administrativos se deriven da súa aplicación, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para levar a cabo as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Investigación,
 Desenvolvemento e Innovación

ANEXO



RHS. 13 – 09 / 00

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE INCENTIVACIÓN DA INCORPORACIÓN E INTENSIFICACIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA (I3) NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CON DESTINO AO SISTEMA PÚBLICO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN808R	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO ORGANISMO

ORGANISMO		
CENTRO	CÓDIGO*	
DEPARTAMENTO	CÓDIGO*	
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
CARGO		TELÉFONO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO			

VISTO E PRACE DA AUTORIDADE QUE REPRESENTA LEGALMENTE AO ORGANISMO

DON/DONA	CARGO	SINATURA
ORGANISMO	CIF	

Que abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento a consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE
 -Orde ECI/1520/2005, do 26 de maio, do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se convocan axudas do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora.
 -Orde do 26 de xaneiro de 2006, da Consellería de Innovación e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora na Comunidade Autónoma de Galicia.
 -Orde do 12 de novembro de 2009 pola que se convocan axudas para o ano 2009 da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3) na Comunidade Autónoma de Galicia con destino ao sistema público de investigación e desenvolvemento.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Conselleiro de Economía e Industria

Rúa dos Feáns, 7 - local C
 15706 Santiago de Compostela

DATOS DO/S PROFESOR/ES-INVESTIGADOR/ES PROPOSTO/S

PRIMEIRO APELIDO []	SEGUNDO APELIDO []	NOME []	NIF []
SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	DATA DE NACEMENTO []	LUGAR DE NACEMENTO []	
DATA DO DOUTORAMENTO []	UNIVERSIDADE NA QUE SE DOUTOROU []		PAÍS []

DATOS RELATIVOS AO POSTO DE TRABALLO I3

REFERENCIA I3 []	NIVEL AXUDA []	CARGO I3 []	ÁREA ESPECÍFICA DE COÑECEMENTO (1)	
			ACR. []	DENOMINACIÓN []
DEPARTAMENTO DE DESTINO []			CENTRO DE DESTINO []	
DATA DE INCORPORACIÓN* []	VINCULACIÓN XURÍDICA AO ORGANISMO <input type="checkbox"/> FUNCIONARIO <input type="checkbox"/> LABORAL INDEFINIDO		TIPO DE VINCULACIÓN ANTERIOR AO ORGANISMO []	

*Data da incorporación como **funcionario** ou mediante **contrato indefinido** que lle permite acceder ao programa I3 (2009)

CERTIFICACIÓN DO ORGANISMO

D./Dna. [] con DNI []
(cargo) []

CERTIFICA

Que a praza arriba indicada con código de referencia I3 [] figura na correspondente relación de postos do cadro de persoal deste organismo, e foi ocupada con carácter indefinido por [] con DNI [], tomando posesión da mesma en data (dd/mm/aa) [] cunha retribución anual bruta de []

Lugar e data
_____, de _____ de _____

Asdo.:
(sinatura e selo)

(1) ÁREAS ESPECÍFICAS DE COÑECEMENTO

	Acr.	Denominación		Acr.	Denominación
CC. Exactas e Experimentais	AGR	Agricultura	Ensinanzas Técnicas	ICI	Enxeñaría civil e arquitectónica
	BVA	Bioloxía vexetal, animal, ecolóxica		IEL	Enxeñaría eléctrica, electrónica e autom.
	CT	Ciencias da terra		IME	Enxeñaría mecánica, naval e aeronáutica
	QM	Química		INF	Computación e tecnoloxía informática
	FI	Física e ciencias do espazo		TEC	Tecnoloxía electrónica e comunicacións
	MTM	Matemáticas		TM	Tecnoloxía de materiais
	GAN	Gandaría e pesca		TQ	Tecnoloxía química
Ciencias da vida	BMC	Bioloxía molecular, celular e xenética	C.Xuríd. Sociais	ECO	Economía
	BMED	Biomedicina		DER	Dereito
	MCLI	Medicina clínica e epidemioloxía		CS	Ciencias sociais
	FFA	Fisioloxía e farmacoloxía		PS	Psicoloxía
	TA	Ciencia e tecnoloxía dos alimentos		ED	Educación

HUMANIDADES

HA	Historia e arte	FFI	Filosofía e filoloxía
----	-----------------	-----	-----------------------

Notas: (1) Deberase imprimir este escrito e presentalo, unha vez asinado, xunto co resto da documentación requirida e unha copia do currículo, en calquera dos lugares indicados no artigo 5º desta convocatoria.

(2) A non veracidade dos datos alegados ou da documentación achegada comporta a invalidez da certificación emitida pola ANEP para os efectos do Programa I3.

* Repetir esta folla as veces que sexa preciso

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS POLAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS PARA A MESMA FINALIDADE

D./Dna. con DNI

DECLARA

Que nas datas e polos importes que a seguir se relacionan presentou a/s solicitude/s e foille/fóronlle concedida/s, se é o caso, a/s seguinte axuda/s:

- Non ten solicitada nin, en consecuencia, concedida ningunha axuda para a actividade a que se refire esta solicitude, por ningunha das administracións públicas competentes.
- Ten solicitada e concedéronselle (ou está pendente de resolución de concesión) axudas para a realización da actividade a que se refire esta solicitude, como se indica a continuación.

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATAS DE		IMPORTE	
	SOLICITUDE	CONCESIÓN (1)	SOLICITADO	CONCEDIDO (2)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

- (1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indícarase "PENDENTE" nesta columna.
 (2) Nas solicitudes denegadas farase constar "0 euros" nesta columna.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

O REPRESENTANTE LEGAL DA INSTITUCIÓN SOLICITANTE

D./Dna. con DNI

DECLARA

Que non está incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.: